

ANUNCIO

Apertura novo prazo licitación contrato xestión indirecta concesión servizo público camping municipal do Concello de Valdoviño, por erro padecido en arquivo da documentación exposta no perfil do contratante.

No BOP núm. 147 de data 4 de agosto de 2017, aparece publicado anuncio de licitación do contrato de xestión indirecta na modalidade de concesión do servizo público de camping municipal de 2ª categoría e dos servizos auxiliares.

Efectuouse tamén a publicación no perfil do contrato do Concello (www.concellodevaldovino.com) coa documentación precisa para que os interesados presentasen as súas ofertas.

Na documentación exposta detectouse un erro no arquivo correspondente ao estudio económico para explotación do camping, polo que se emenda dito erro no perfil do contratante e publícase este anuncio para información e co obxecto de abrir un novo prazo para a presentación das ofertas, que será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste novo anuncio no BOP.

Todos os que presentaren a documentación, antes da publicación deste anuncio poden volver a presentala e de non facelo enténdese que concurren coa oferta inicialmente presentada.

Valdoviño, 11 de agosto de 2017

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández